



ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL

FERROL

Órgano de Xestión Orzamentaria e Contable

Aprobación definitiva da modificación do anexo de subvencións nominativas do exercicio 2026

EDICTO

O Pleno da Corporación, na sesión celebrada o día 28 de maio de 2026, aprobou inicialmente a modificación do anexo de subvencións nominativas para o exercicio económico 2026 para a área de Deportes co fin de retirar a subvención ao Club De Piragüismo Copacabana, por importe de 10.000 €, por renuncia da entidade a mesma, e incrementar a contía da subvención ao Club BTT Esmelle en 2.000 € e incluír no anexo de subvencións dúas novas entidades, que serían: o Club do Mar de Ferrol pola contía de 3.000 €, e o Club Basket School Ferrol por 5.000 €, sen modificar o importe total das subvencións nominativas da área de deportes; e na área de cultura co fin de diminuír a contía correspondente á Sociedad Artística Ferrolana en 5.000 € e incluír a UDC Campus de Ferrol no anexo de subvencións cunha contía de 3.000 €, o que diminuíría o total das subvencións nominativas en 2.000 €, manténdose nas mesmas condicións as restantes subvencións incluídas no anexo de subvencións nominativas orzamento 2026. Quedando redactado de acordo como sigue:

Deportes:

Entidade	Concepto	Importe
Círculo Ferrolano de Ajedrez G15153976	Festival internacional de xadrez "Cidade de Ferrol" e participación en campionatos nacionais.	15.000
Club Marina Ferrol G15250244	Memorial Juan Varela	6.500
Federación Galega de Baloncesto G15115306	Organización e realización de actividades de promoción do baloncesto e un evento deportivo de carácter autonómico.	8.500
Club BTT Esmelle G15322738	Organización dos seguintes eventos de promoción da BTT: ciclocross Esmelle - mini BTT Esmelle - mini DH Esmelle - BTT XCO Cidade de Ferrol	10.000
Club Basket School Ferrol G70307103	Participación dos seus equipos senior nas competicións autonómicas, nacionais e competicións asociadas.	5.000
Club do Mar de Ferrol G15374937	Regata de cruceiros Cidade de Ferrol	3.000

Cultura:

Entidade	Concepto	Importe	Aplicación orzamentaria
ATNEO FERROLÁN G15037468	Mantemento e apertura da biblioteca da entidade. Mantemento e apertura do Centro Cultural para Desenvolvemento de actividades culturais	20.000 €	05101-3341-48000
TOXOS E FROLES G15038300	Diversas actividades culturais	20.000 €	05101-3341-48000
CLUB DE PRENSA G15123151	Deseño e maquetado de revista	3.000 €	05101-3341-48000
AS MENINAS DE CANIDO G15038318	Festival anual das artes	34.000€	05101-3341-48000
SOCIEDAD FILARMÓNICA FERROLANA G15037724	Realización de concertos de música clásica	17.500 €	05101-3341-48000
EXPONAV G15944564	Mantemento e conservación do museo. Exposicións temporais. Xornadas técnicas e conferencias. Catalogación e dixitalización de diverso material inventariable	55.000 €	05101-3341-48000
SOCIEDAD ARTÍSTICA FERROLANA G15038318	Diversas actividades culturais	5.000 €	05101-3341-48000
UDC CAMPUS DE FERROL Q6550005J	Xornadas de Filosofía e Metodoloxía actual da ciencia	3.000 €	05101-3341-48000

Transcorrido o prazo de exposición pública do acordo inicial, publicado no BOP nº 107 do martes, 09 de xuño de 2026, e de acordo co certificado do Rexistro de data 09.06.2026, non consta expresamente que tivera entrada ningunha alegación en relación coa dita aprobación, elevándose, por tanto, a definitivo o acordo provisional, de conformidade co disposto no art. 169 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, que comenzarán a contar ó día seguinte ao da publicación do presente anuncio, tal como dispón o artigo 10 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere oportuno.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o disposto no artigo 20 do RD 500/99, do 20 de abril e no artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo

Ferrol, 02 de xullo de 2026

A Concelleira Delegada de Facenda e RRHH, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11.12.2023. (BOP nº 241 do 20 de decembro de 2023)

Susana María Sanjurjo Fraga

2026/4496